



© Ophélie Jaésan

EDITORIAL GALAXIA

NOVIDADES



PIERRE MICHON

Os once

adución de Dolores Torres París
Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2009, 124 páxinas

P. V. P. 12 € IVE incluído

978-84-9865-239-0



9 788498 652390

RETRATO DA REVOLUCIÓN

Editorial Galaxia continúa a súa liña editorial de achegar a lectores e lectoras galegos as novidades internacionais de maior actualidade e interese literario. Desta volta trátase de Pierre Michon, que acaba de obter o **gran premio de novela da Academia Francesa, 2009** coa súa novela **Os once**, que se publica en galego na Biblioteca Compostela de Narrativa Europea co apoio da Concellaría de Cultura do Concello de Santiago. A tradución galega, realizada por Dolores Torres París, é a primeira que desta novela se publica en calquera lingua.

Pierre Michon é un dos grandes autores franceses contemporáneos, unha figura xa mítica no ambiente literario francés, onde é coñecido por ser un dos escritores máis esixentes desde o punto de vista literario pese a manterse afastado dos cenáculos literarios parisiños. O autor acadou sona internacional con *Vies minuscules*, libro de relatos que publicou aos 37 anos. Na súa nova novela, *Os once*, conta a **historia dun cadro** exposto no Louvre e no que aparecen os membros do Comité de Salvación Pública durante a Revolución Francesa. Michon reconstrúe na novela a historia dese cadro e do momento histórico que aparece reflectido nel.

En *Os once*, Michon conta a historia do pintor François-Élie Corentin, a quen en plena Revolución Francesa lle encargan pintar un cadro no que aparezan retratados os membros do temido Comité de Salvación Pública, entre os que se encontraban Robespierre e Saint-Just, organismo que levou adiante a denominada política do terror. Nesta viaxe no tempo á que Michon arrastra ós seus lectores grazas á forza de evocación do relato, o escritor francés realiza unha crítica desapiadada do poder para, fronte os grandes persoeiros da Historia, situar as súas vítimas. *Os once* recrea maxistralmente o **París revolucionario**, retrata os protagonistas da revolución e critica a Arte que se pon ao servizo do poder político.

PIERRE MICHON (Cards, Creuse, 1945) é orixinario do Limousin e estuda Letras na Universidade de Clermont-Ferrand, na que realiza unha tese sobre Antonin Artaud. Publica *Vies minuscules* (1984), o seu primeiro libro, aos 37 anos, logo dun período no que se dedicou aos estudos literarios e ao teatro. O renome que acadou este primeiro título continúa e acrecéntase con *Rimbaud le fils* (1991), dando orixe a un lectorado que converte a súa obra nunha das máis admiradas da narrativa francesa contemporánea. No 1990 publica *Maîtres et serviteurs* e, posteriormente, *La Grande Beune* (1996), *Le Roi du bois* (1996), *Mythologies d'hiver* (1997), *Trois auteurs* (1997) e *L'Empereur d'Occident* (2007). O Premio Décembre, que obtén en 2002 polas súas obras *Abbés* e *Corps du roi*, significa o recoñecemento definitivo dun escritor singular.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Avenida de Madrid 44, baixo. 36204 Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.com